

Tartarugas mariñas nas costas de Galicia, s.XVIII-2013

Alfredo López, Pablo Covelo, Xilio Valeiras, Jose A. Martínez-Cedeira,

Josep M^a Alonso e Juan Ignacio Díaz

CEMMA. Ap 15. 36380 Gondomar. cemma@arrakis.es

Resumo: Realízase unha revisión das tartarugas mariñas rexistradas nas costas de Galicia ata o ano 2013, sumando un total de 582 rexistros: 303 Dermochelys coriacea, 245 Caretta caretta, 12 Chelonia mydas, 3 Eretmochelys imbricata, 2 Lepidochelys kempii e 17 non identificadas. Para as dúas primeiras especies achégase a evolución anual, mensual e xeográfica dos rexistros, a relación lonxitude e peso, así como as causas dos varamentos.

Abstract: Sea turtles in the Galician coast between XVIII century and 2013. A review of sea turtles recorded on the Galician coast until 2013 is performed, totalling 582 records: 303 Dermochelys coriacea, 245 Caretta caretta, 12 Chelonia mydas, 3 Eretmochelys imbricata, 2 Lepidochelys kempii and 17 unidentified. For the first two species the annual, monthly and geographical evolution of the records, the length and weight relationship as well as the causes of strandings are provided.

Résumé: Tortues marines de la côte de la Galice, s.XVIII 2013. On fait une révision des tortues marins enregistrées au large des côtes de la Galice jusqu'à 2013, un total de 582 enregistrements: 303 Dermochelys coriacea, 245 Caretta caretta, 12 Chelonia mydas, 3 Eretmochelys imbricata, 2 Lepidochelys kempii et 17 non identifiées. Pour les deux premières espèces on apporte l'évolution annuelle, mensuelle et géographique des enregistrements, la longueur et la relation de poids ainsi que les causes d'échouements.

1.- INTRODUCCIÓN

Os escritos naturalistas do século XVIII a XIX son referencia, única e obrigada, á hora de revisar a presenza das especies de fauna mariña ameazada: tartarugas e mamíferos mariños. Así, no relativo ás tartarugas mariñas, a primeira cita bibliográfica que atopamos para as costas de Galicia, é a referencia de D. José Cornide (1788), na que describe un exemplar capturado o 19 de abril de 1787 nun trasmallo en augas da Coruña, pertencente á **Orde dos réptiles con pés**, que foi catalogado como **Tortuga carey**, *Testudo caretta*. A descripción que realiza o autor do exemplar semella coincidente, hoxe en día, cun exemplar xuvenil de **tartaruga mariña común** (*Caretta caretta*), duns 30 cm de lonxitude (once pulgadas). Hai referencia a outros dous exemplares observados uns 40 anos antes, ao redor de 1745-50, na mesma zona (Cornide, 1788), neste caso duns 80 cm (unha vara). En todo caso cualificadas xa na época de pouco frecuentes. Atendendo aos datos existentes, os tres individuos citados poderían corresponder exem-

plares de tartaruga común, a pesar de que foron atribuídas a outras especies en traballos anteriores (Penas-Patiño e Piñeiro, 1989).

Outros naturalistas do século XIX fan tamén referencia ás tartarugas nas augas galaico-portuguesas (Boscá, 1887; López Seoane, 1887). Ata os anos sesenta non existen de novo referencias sobre tartarugas mariñas, más alá dalgúnha nota de prensa ou fotografía. Coa posta en marcha dos censos de fauna nos anos setenta iniciouse a recompilación das referencias relativas aos animais varados nas costas galegas (Penas-Patiño e Piñeiro, 1989; Fernández de la Cigoña, 1994).

Nos anos 70, na revisión realizada por Brongersma (1972) sobre a presenza e distribución das tartarugas mariñas nas augas europeas, rexístrase a información referente a cinco especies de tartarugas : **tartaruga de coiro** (*Dermochelys coriacea*), **tartaruga mariña común** (*Caretta caretta*), **tartaruga mariña verde** (*Chelonia mydas*), **tartaruga mariña pequena** (*Lepidochelys kempii*) e **tartaruga mariña**




Figura 1.- Gravado do século XVIII. *Loma imbricata*. Tartaruga mariña carei. Buffon, 1792.



Figura 2.- Tartaruga común.

carei (*Eretmochelys imbricata*). Segundo este autor, os rexistros de **tartaruga de coiro** son frecuentes no atlántico nororiental, onde acadan latitudes correspondentes ao Mar do Norte e de Barents. Este traballo tamén inclúe un número importante de citas de tartaruga común nas augas europeas, sendo a cita máis setentrional un individuo capturado no Mar de Barents. As outras especies considéranse ocasionais na área. As citas de **tartaruga verde** son escasas, con algúns rexistros no sur das illas británicas (Hellmich, 1962). A **tartaruga pequena**, especie cunha distribución restrinxida ao Atlántico, rexistra algunas citas nas costas británicas e francesas. Os rexistros de **tartaruga carei**, especie con distribución circuntropical, son máis escasos e acadan o sur das illas británicas, Figura 1.

Os rexistros de Duguy entre 1979 e 1999 das costas francesas atlánticas e Golfo de Biskaia inclúen 352 citas de tartaruga de coiro (un número importante son avistamentos), 29 de tartaruga común (Figura 2), 6 de verde, 6 de tartaruga pequena e 2 rexistros sen identificar (Duguy, 1980, 1981, 1982, 1983, 1984,

1985, 1986, 1987, 1988, 1989, 1991, 1992, 1993, 1994, 1995, 1996, 1997 a, 1997b, 1998, 2000).

No século XIX López Seoane (1877) cita unha tartaruga de coiro na ría de Vigo, en 1849, e catro tartarugas comúns nas rías de Ferrol, Arousa, Pontevedra e Vigo. Este mesmo autor rexistra tres tartarugas verdes nas Rías Baixas. Seoane refírese a Alonso López, no 1820, que rexistra dúas tartarugas carei nas Rías de Ferrol e A Coruña. Aínda así, a información sobre as tartarugas mariñas no Norte e Noroeste da Península Ibérica é moi reducida ata finais do século XX. Ata 1989 existe información tomada de forma ocasional que é recollida na bibliografía por diferentes autores (Boscá, 1887; González-Kirchner, 1998; Penas-Patiño e Piñeiro, 1989; Fernández de la Cigoña, 1990 e 1994), sendo rexistradas cinco especies (Mateo *et al.*, 1997; López-Jurado *et al.*, 1997).

Entre 1929 e 1988 recóllese 12 rexistros de **tartaruga de coiro**, Figura 3, en augas do Cantábrico (Lozano e Quiroga, 1969; Cendrero e Madariaga, 1970; García-Castrillo, 1980; Pascual, 1985; Penas-



Figura 3.- Ilustración do século XVIII.Tartauga de coiro. Buffon, 1792.

Patiño e Piñeiro, 1989; Fernández de la Cigoña, 1991), 53 rexistros en Galicia (Lozano e Quiroga, 1969; Brongersma, 1972; Fernández de la Cigoña, 1988; Penas-Patiño e Piñeiro, 1989). Un individuo capturado nunha rede de enmalle en Galicia, marcouse e foi liberado en 1985 (Igrexas e Patiño, comunicación persoal). Fretey e Fernández-Cerdeiro (1996) estudaron a procedencia de dúas tartarugas de coiro marcadas que foron capturadas nas costas de Galicia e Portugal.

Os rexistros de **tartaruga mariña común** son menos numerosos na bibliografía existente. Entre 1903 e 1989 rexistráronse 4 citas no Cantábrico e 28 en Galicia (Brongersma, 1972; Pascual, 1985; Fernández de la Cigoña, 1988; Penas-Patiño e Piñeiro, 1989; López *et al.*, 2000; Cermeño *et al.*, 2006).

Os rexistros das outras tres especies son ocasionais e están pouco documentados. Brongersma (1972) cita unha **tartaruga pequena** no Golfo de Biskaia (Mar Cantábrico), e Fernández de la Cigoña (1988) cita outro individuo en Galicia. Existen dúas citas de **tartaruga verde** (**Figura 4**) nas Rías Baixas en 1959 e 1986 (Pascual, 1985; Fernández de la

Cigoña, 1988) e unha **tartaruga carei** en 1979 en Ribadeo (Pascual, 1985).

A posta en marcha da coordinación para a conformación da Rede de Varamentos de Galicia, a partir de 1990, permitiu recompilar a información sobre tartarugas mariñas en Galicia de forma sistemática dentro dos proxectos de monitorización de fauna mariña ameazada (López, 1998). A Rede creada e xestionada pola Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) contou coa colaboración da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia a través de convenios desde 1999, transformándose nun servizo da propia Dirección Xeral a partir do ano 2007.

Neste traballo realiza unha revisión da distribución e presenza das tartarugas mariñas, incluíndo información inédita, dos rexistros recollidos entre 1990 e 2013 en Galicia. Ademais trátanse algúns aspectos biolóxicos a partir da información dispoñible. O obxectivo desta revisión é contribuír ao coñecemento das tartarugas mariñas nas augas europeas e actualizar a información dispoñible.



Figura 4.- Tartaruga verde.

2.- MATERIAIS E MÉTODOS

2.1- Área de estudio

A área de estudio comprende a costa de Galicia, desde o Esteiro do río Miño ($41^{\circ}52.50'N$ - $08^{\circ}52.50'W$) ata a ría de Ribadeo ($43^{\circ}33.20'N$ - $07^{\circ}02.00'W$), **Figura 5**. A costa galega comprende un total de 1.195 km (14% da súa extensión está composta de areais, o 36% de costa baixa e o 50% de cantil) o que representa o 35% do litoral do Estado Español. A lonxitude tomada polo exterior da plataforma, na isóbata dos 550 metros é de 453 km, e a superficie total aproximada da plataforma é de 10.000 km². O litoral galego caracterízase pola presenza das **rías**, vales submarinos de orixe tectónico e profundidade moderada. Na desembocadura das rías occidentais sitúanse varios arquipélagos, que están integradas no Parque Nacional das Illas Atlánticas que contan con áreas mariñas protexidas. A plataforma galega é relativamente estreita, cunha anchura máxima de 20-35 km.

O afloramento estacional ocorre entre os meses de abril a setembro e áinda que relativamente débil e producíndose principalmente preto da costa, inflúe a toda a área da plataforma. Os ventos prevalentes, así

como as correntes superficiais predominantes afectan ao desprazamento dos animais mortos aboando ou a aqueles pasivos ou con mobilidade limitada, como pode ser o caso das pequenas tartarugas mariñas; estes son de compoñente sur e oeste no inverno, invertíndose no verán. O afloramento sostén unha produtividade alta que, á súa vez, exprésase nunha gran biomasa e un alto número de especies, incluíndo case 300 especies de peixes (Solórzano *et al.*, 1998). A pesar da pequena superficie da plataforma continental galega, Galicia é a principal área de pesca do Estado Español con 87 portos e más de 6.500 barcos de pesca. A área de estudio foi dividida en seis subáreas atendendo ás características físicas da costa e a motivos loxísticos (**Figura 5**).

2.2- Recolección de datos

A xestión da fauna ameazada é competencia da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia. Os traballos de mostraxe e investigación sobre as tartarugas mariñas na costa de Galicia foron coordinados e levados a cabo pola Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA).

En 1990 créase unha base de datos e a recollida de información estandarízase a través da recollida e mostraxe de tartarugas varadas, capturadas e avistadas. Entre 1990 e 2013, realizouse un control continuo da costa de Galicia co obxectivo de recoller a información sobre varamentos, avistamentos e capturas accidentais de tartarugas mariñas. De forma rutinaria, autoridades públicas (Policía local, Protección civil, Guardia Civil, autoridades locais, servizo de protección da natureza) e outros colaboradores, comunican os varamentos, capturas accidentais ou avistamentos á CEMMA a través do teléfono de emergencias 112 en conexión directa co teléfono de coordinación das dúas Unidades Móviles. Na maioría dos casos, membros da Rede de Varamentos identifican e inspeccionan o exemplar. De forma complementaria, realizanse inspeccións costeiras por grupos de voluntariado co obxectivo de realizar a cobertura adecuada de costa e detectar o maior número de varamentos. Unha unidade móvil e un teléfono de 24 horas atende os varamentos, rexistrando os exemplares, recollendo os que o seu tamaño o permite e realizando unha




Figura 5.- División da costa galega en 6 subáreas, de Norte a Sur: LU1- dende Ribadeo a O Vicedo; C2- dende Mañón ata Mugardos; C3- dende Ares ata C. Fisterra; C4- dende C. Fisterra a Pta. Couso (Ribeira); PO5- dende Pta. Couso (Ribeira) ata C. Home (Cangas); PO6-dende C. Home ata o río Miño en A Guarda.

análise detallada. Os exemplares de menor tamaño son transportados ao laboratorio para a realización de estudos postmortem, mentres que as necropsias das tartarugas más grandes realizanse *in situ*. Nos últimos anos, as tartarugas feridas ou en malas condicións, de pequeño tamaño, son transladadas a unidades de recuperación de fauna mariña, UCI do Museo da Natureza de Ferrol e nalgúns casos, durante a segunda fase de recuepración, ao Acuario do Grove, onde son rehabilitadas e liberadas. Nalgúnha ocasión téñense liberado tartarugas de coiro atrapadas ou capturadas, ben polos propios mariñeiros ou por equipos de asistencia da CEMMA.

Debido á natureza retrospectiva deste estudio, non todos os datos foron tomados de forma idéntica ao longo dos anos. Con todo, a recollida de datos biolóxicos e biométricos realizouse maioritariamente seguindo os protocolos estandarizados utilizados pola Sociedad Española de Cetáceos- SEC (Cañadas et al., 2000), o que permite a realización de comparacións. Estes parámetros inclúen: data, especie, estado, tamaño, estado/tipo e presenza de lesións, patoloxías ou indicios de captura, **ANEXO I**. No caso da identificación do sexo, esta non é posible no caso dos individuos xuvenís onde as características morfolóxicas típicas do dimorfismo sexual non están diferenciadas, como é o caso da lonxitude do rabo, **Figura 6**.

Para cada individuo, rexistrouse o estado de conservación corporal seguindo a seguinte clasificación: 1= vivo; 2= recentemente morto; 3= descomposición moderada; 4= descomposición avanzada; 5= restos óseos. Dependendo das posibilidades, tomáronse datos biométricos (lonxitude total do exemplar, peso e outras medidas corporais), mostras biolóxicas (contenido estomacal, parásitos, mostras de órganos internos, mostras de epiderme), determinación de sexo e fotografías. Cando o estado dos exemplares o permitiu, tomouse información detallada de marcas e indicios de captura accidental por artes de pesca.

Para a interpretación das tendencias en frecuencia de varamentos e capturas accidentais ao longo do ano, utilizouse información relativa ás condicións meteorolóxicas. En concreto, utilizase información de intensidade de ventos xeostróficos calculada a partir de datos de presión atmosférica diaria para obter un índice de afloramento. Esta información obtívose a partir dos datos rexistrados pola estación da Agencia Estatal de Meteorología situada a 150 millas ao oeste de Cabo Fisterra (www.indicedeafloramiento.ieo.es/).

2.3- Análises

Preséntanse os datos de composición de especies, tamaño medio dos exemplares e causa de morte. Describense as tendencias xeográficas e estacionais. Para obter un índice da densidade relativa de varamentos nas subáreas costeiras exprésase o número de varamentos en relación á lonxitude de costa (excluíndo as illas), usando datos xeográficos das bases de datos GEBCO (NERC, 1997), aínda que se considera que subestiman a lonxitude de costa real, asúmense que son un índice razonable da lonxitude de costa para cada subárea. Realizouse unha análise máis detallada dos datos de **tartaruga comén** e **tartaruga de coiro**, incluíndo unha análise dos datos de tamaño (*lonxitude total recta-LT*). No caso das tartarugas de coiro, e dado que moitos dos exemplares estaban incompletos por amputación do rabo ou cabeza, estimouse a LT en base á *lonxitude total recta da cuncha (LC)*, medida desde a escotadura nucal ata o bordo das placas supracaudais, coa fórmula:

$$LT = LC *100 / 79,8$$

Este factor de corrección obtívose coa análise das medidas relativas entre a lonxitude total (LT) e a lonxitude da cuncha (LC) nos animais con biometrías completas (N= 26. LT media=177,2 cm, Sd= 20.5. LC media=141, Sd=14.1. Proporción media= 79.8, Sd porcentual= 3,6).



Figura 6.- Parte ventral e caudal de tartaruga comén.

3.- RESULTADOS

Os primeiros rexistros históricos en Galicia, dos que hai referencia, corresponden ao século XVIII, sendo meras citas anecdóticas nos escritos naturalistas. De principios do século XX ata os anos 70 aparecen diversas referencias na prensa polo chamativo dos rexistros. No o último cuarto do século XX, existen rexistros na bibliografía naturalista especializada. Posteriormente, os rexistros son recollidos nas bases de datos da Rede de Varamentos de Galicia, que dispón de datos sistemáticos dende o ano 1990 ata o 2013.

Nese amplio período de tempo contabilízase un total de 582 tartarugas mariñas en Galicia, varadas, observadas ou capturadas. Os datos históricos ata 1990 corresponden con 103 rexistros de cinco especies de tartarugas mariñas: a maior parte son relativos á tartaruga de coiro (62,1%), seguida da tartaruga común (29,1%). En moito menor medida a tartaruga verde

(2,9%), a tartaruga carei (0,9%) e por último a tartaruga mariña pequena (0,9%), unha importanet proporción (5,8%) son exemplares non identificados, aínda que posiblemente tartarugas comúns.

Entre os anos 1990 e 2013 contabilízase un total de 479 rexistros, **Táboa 1**, sendo a maior parte dos casos tartaruga de coiro (50,3%), seguida de tartaruga común (44,8%), e en menor medida polas outras especies: tartaruga verde (1,8 %) e a tartaruga carei (0,2%) e por último a tartaruga mariña pequena (0,2%). Un 2,5% son exemplares non identificados, tartarugas pequenas de cuncha dura, que posiblemente corresponden con tartaruga común. Neste período foi rexistrada unha media dunha tartaruga mariña ao ano por cada 60 km de costa.

No caso das tartarugas mariñas vivas, ou recentemente mortas, realizouse un estudo detallado dos indi-

Especie	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002
CCA	3	4	3	0	1	4	3	12	34	6	9	31	22
DCO	7	5	8	13	13	16	16	17	19	14	4	4	4
CMY	0	0	0	0	0	1	0	2	0	1	1	1	0
LKE	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0
EIM	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
TAR	0	0	0	0	0	0	4	1	5	0	0	2	0
TOTAL	10	10	11	13	14	21	23	32	59	21	14	38	26

Especie	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	Total	%
CCA	63	4	1	2	2	4	3	2	1	1	0	215	44,89
DCO	1	9	5	13	4	5	17	14	12	10	11	241	50,31
CMY	0	0	0	0	0	2	0	0	0	1	0	9	1,88
LKE	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,21
EIM	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0,21
TAR	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	12	2,51
TOTAL	64	13	6	15	6	11	20	16	13	12	11	479	

Táboa 1. Número de rexistros anuais de tartarugas mariñas en Galicia (1990-2013). Relación de abreviaturas: CCA, *Caretta caretta*. CMY, *Chelonia mydas*. DCO, *Dermochelys coriacea*. EIM, *Eretmochelys imbricata*. LKE, *Lepidochelys kempii*. TAR, tartarugas non identificadas.

	CCA		DCO		CMY		LKE		EIM		TAR		Total	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
1	128	61,0	29	13,6	5	62,5	1	100	1	100	3	42,9	167	37,9
2	15	7,1	26	12,1	2	25	0	0	0	0	2	28,6	45	10,2
3	29	13,8	31	14,5	1	12,5	0	0	0	0	1	14,3	62	14,1
4	34	16,2	109	50,9	0	0	0	0	0	0	1	14,3	144	32,7
5	4	1,9	19	8,9	0	0	0	0	0	0	0	0	23	5,2
	210		214		8		1		1		7		441	

Táboa 2. Número e proporción de rexistros por especie en función do estado corporal (Período 1990-2013). Códigos: 1, viva; 2, recén morta; 3, descomposición moderada; 4, descomposición avanzada; 5, restos óseos. N, número; %, proporción.




Figura 7.- Representación do número de exemplares por categoría e especie.

viduos, **Táboa 2**. As tartarugas vivas (código 1) supoñen o 37,9% de todos os rexistros que foron clasificados en función do estado do exemplar (vivo/morto) ou do estado corporal coñecido (estado corporal de 2 a 5), contando con información para un total de 441 individuos. As tartarugas en bo estado de conservación (código 2 e 3), supoñen o 24,3% dos rexistros. O 37,9% dos individuos estaban nun estado avanzado de descomposición ou eran restos óseos (códigos 4 e 5), polo que non se puido establecer a causa da morte de forma clara. Tendo en conta a comparativa de cada unha das especies, **Táboa 2** e **Figura 7**, obsérvase que a maior parte das tartarugas comúns e verdes rexístranse con vida, mentres que no caso da tartaruga de coiro o caso é a inversa, ademais a maior parte dos exemplares chegan á

costa en avanzado estado de descomposición.

O 96% dos rexistros (n= 460) son localizados como varamentos ou capturas na costa ou litoral, nos anos 1990-2013. Estes rexistros están distribuídos maioritariamente na área noroccidental de Galicia, costa da Coruña (subáreas C2, C3 e C4), onde se localizan o 61,1% dos rexistros en todos os períodos, seguida de Pontevedra (sa. PO5 e PO6) co 24,9% e Lugo (sa. LU1) co 6,1%, **Táboa 3**. Como pode observarse na **Táboa 3**, as proporcións xeográficas non son semellantes en ambos períodos, antes e despois de 1990, moi posiblemente os casos de Pontevedra (PO5 e PO6) tiveran certa repercusión na prensa, mentres que o resto dos casos noutras zonas da costa pasasen desapercibidos.

Antes de 1990			CCA		DCO		CMY		LKE		EIM	
	%costa	Total	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
LU1	11,6	2	2,1		1	3,6	0	0	0	0	1	100
C2	19	10	10,6		0	0	10	16,7	0	0	0	0
C3	25	15	16,0		7	25	8	13,3	0	0	0	0
C4	13,9	13	13,8		6	17,9	7	11,7	0	0	0	0
C5	8,8	6	6,4		1	3,6	5	8,3	0	0	0	0
PO5	8,8	28	29,8		7	25	20	33,3	1	33,3	0	0
PO6	12,9	20	21,3		7	25	10	16,7	2	66,7	1	100
Total		94	29		60		3		1		1	
1990-2013			CCA		DCO		CMY		LKE		EIM	
LU1	11,6	31	6,7		15	7,1	16	6,8	0	0	0	0
C2	19	68	14,8		27	12,7	39	16,5	1	11,1	1	100
C3	25	111	24,1		49	23,1	60	25,3	2	22,2	0	0
C4	13,9	102	22,2		44	20,8	56	23,6	2	22,2	0	0
C5	8,8	33	7,2		16	7,5	16	6,8	0	0	1	100
PO5	8,8	70	15,2		50	23,6	19	8,0	1	11,1	0	0
PO6	12,9	45	9,8		11	5,2	31	13,1	3	33,3	0	0
Total		460	212		237		9		1		1	

Táboa 3. Número de rexistros de condición corporal por subáreas e especie, todos os períodos, para os individuos con datos coñecidos. Abreviaturas: CCA, *Caretta caretta*. CMY, *Chelonia mydas*. DCO, *Dermochelys coriacea*. EIM, *Eretmochelys imbricata*. LKE, *Lepidochelys kempii*. TAR, tartarugas non identificadas.




Figura 8.- Distribución anual dos rexistros de varamentos e capturas de tartarugas mariñas en Galicia, período 1990-2013.

A distribución dos rexistros ao longo dos anos, 1990-2013, non é constante, atopando cumes que non son semellantes para todas as especies, sendo máis regular no caso da tartaruga de coiro (media anual=10,0; Dt=5,2) que na común (media anual=9,7; Dt=15,1), **Figura 8**.

A distribución mensual dos rexistros indica unha maior incidencia entre os meses de novembro a xaneiro, un lixeiro repunte no mes de xuño e un aumento no final do verán e outono, **Figura 9**.

A tendencia mensual amosa certas diferencias xeográficas. Na Coruña e Lugo, ao redor do 70% dos rexistros suceden de outubro a febreiro; en Pontevedra a proporción desa época é menor do 56%, en cambio rexístrase sobre o 20% na época que vai de marzo a maio igual que na costa de A

Coruña, mentres que a costa de Lugo presenta rexistros por baixo do 15%. Todas as áreas presentan menos do 17% dos rexistros entre os meses de xuño a setembro, **Figura 10**.

As **capturas accidentais** identificadas supoñen o 12% da totalidade dos rexistros, producíndose durante todo o ano e, cos datos dispoñibles, non se pode clasificar ningunha tendencia estacional ou relación mensual, salvo na época de maior presenza de tartarugas, entre novembro e xaneiro.

A **Táboa 4** recolle os rexistros identificados por especie, obsérvanse os rexistros de capturas comprobadas ou identificadas en base a indicios corporais externos, presentes nas tartarugas comúns e de coiro, mais tamén en especies moi




Figura 9.- Distribución mensual dos rexistros en todos os períodos, para todas as especies.




Figura 10.- Distribución mensual dos rexistros ao longo das subáreas xeográficas.

pouco frecuentes, como o caso da tartaruga verde.

No caso da tartaruga común estimase que as capturas accidentais supoñen entre o 5,8% e o 9,3% dos rexistros, se retiramos dos cálculos os exemplares recollidos durante o período de contaminación do “Prestige”, neste caso, o ingreso de exemplares vivos desta especie nas instalacións de recuperación é do 41,4 % dos casos, dos que o 83,3 % foron capturas accidentais en artes de pesca.

Para a tartaruga de coiro as capturas accidentais supoñen o 19,5% da totalidade de rexistros e o 54,6% dos exemplares en vivos e frescos (condición corporal 1 a 3). É habitual a morte de exemplares desta especie atrapadas en cabos de nasas, para pescar polbo (*Octopus vulgaris*) e nécora (*Necora puber*), a pesar de que non é dodata de explicar a situación. Probablemente, as tartarugas síntanse atraídas polos

cabos e boias, ou os usan para desprender parasitos superficiais rozándose con elas, e de xeito fortuíto llán a cabeza e as aletas anteriores na asa, cabo que une as nasas, ou ben no cabo que une a cacea de nasas coa boia. Constatouse a captura nas nasas dun total de 13 exemplares, dos cales 8 puideron ser liberados con vida grazas á actuación dos propios mariñeiros. Isto implica que no caso desta especie, o 61% dos exemplares que foron capturados accidentalmente nas nasas, puideron ser rescatados e liberados.

No relativo aos tamaños dos exemplares, LT, pode observarse como no caso da tartaruga de coiro trátase de exemplares adultos, cunha media de 174 cm de lonxitude, e no caso do resto das especies maioritariamente trátase de exemplares xuvenís de menos de 35 cm de lonxitude (Carr, 1986), Táboa 5. Parece ser que as tartarugas comúns nacidas nas augas do Caribe, e costas americanas, diríxense ao océano onde

	CCA		DCO		CMY		LKE		EIM		TAR		Total	
	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%	N	%
Varamento	195	67,2	167	69,3	5	42,9	1	100	2	100	9	60,0	379	2526,7
Captura	17	5,9	47	19,5	4	42,9					6	40,0	74	493,3
Avistamento	2	0,7	6	2,5	1	42,9							9	60,0
Aboiando	1	0,3	16	6,6	2	14,3							19	126,7
Descoñecido	75	25,9	5	2,1									80	533,3
	290		241		7		1		2		15		561	

Táboa 4. Número e proporción de rexistros por especie en función do tipo de rexistro, para casos coñecidos (1990-2013). Abreviaturas: CCA, *Caretta caretta*. CMY, *Chelonia mydas*. DCO, *Dermochelys coriacea*. EIM, *Eretmochelys imbricata*. LKE, *Lepidochelys kempii*. TAR, tartarugas non identificadas.

	CCA	DCO	CMY	LKE	TAR
Media	31,4	174,6	39,21	25,6	61,25
Dt	13,3	22,5	6,46	10,75	56,03
Min	18	120	28,5	18	30
Max	124	229	47	33,2	145
N	174	76	7	2	4

Táboa 5. Valores da estatística descritiva para a lonxitude totalLT dos exemplares por especie (todos os períodos). Media: valor medio. Dt: desviación típica. Min: valor mínimo. Max: valor máximo. N: número de datos.

viven asociadas, polo menos ata acadar os 35 cm, a algas flotantes e a expensas da corrente do Golfo, sen ter que superar correntes contrarias. Os adultos non frecuentan estes hábitats, e adoitan atoparse en mar aberto ou en zonas neríticas próximas ás colonias de cría (Merchán e Martínez, 1999; Monzón-Argüello *et al.*, 2009; 2012). Neste caso, a maioría dos exemplares son xuvenís cunha media de 31,4 cm, **Táboa 5**. Os exemplares de tartaruga verde e pequena son tamén xuvenís.

A **Figura 11** representa os varamentos mensuais acumulados e o **índice de afloramento**, representado neste caso como valor negativo xa que é inversamente proporcional aos varamentos. O incremento de rexistros de varamentos de tartarugas nos meses de inverno, é máis evidente na tartaruga común e coincide co período do ano con menor afloramento, maior índice negativo de afloramento (liña azul), cando

predominan ventos do oeste. Con todo, o número de varamentos no outono non é tan acusado, aínda que neste trimestre prevalecen os ventos de compoñente oeste. Os rexistros nos meses de verán son baixos, cando o afloramiento é maior, e os ventos predominantes son de compoñente norte ou leste. A tartaruga de coiro parece non estar tan influenciada co índice de afloramento habida conta que mantén unha natación más activa e rexistros durante case todo o ano.




Figura 11.- Distribución mensual dos rexistros de varamentos de tartarugas mariñas (liña vermella) período 1990-2013 e representación do índice de afloramento invertido (liña azul), reflectido no eixo derecho de ordenadas.

3.1.- TARTARUGA MARIÑA COMÚN, *Caretta caretta*

A especie é cualificada de comú, aínda que pouco abundante, en Galicia e Cantábrico, atribuíndoselle a súa orixe americana (Pleguezuelos *et al.*, 2002; Camiñas, 2004). Recóllense 30 rexistros antes de 1990 (Penas-Patiño e Piñeiro, 1989; Fernández de la Cigoña, 1988 e 1990; Covelo, 2014), algunas delas remóntanse a mediados do século XVIII (Cornide, 1788).

Pode chegar ao metro de lonxitude, sendo de cor castaña polo dorso e clara, amarelenta, polo ventre, **Figura 12 e 18**. É unha especie cosmopolita distribuída por todos os océanos do mundo, é sinalada como a especie de tartaruga máis común no Atlántico e Mediterráneo (Salvador, 1997).



Figura 12.- Detalle cabeza da tartaruga común.

En Galicia, entre 1990 e 2013, é rexistrada cunha media anual de 9,7 exemplares ($N=218$, $Dt= 15,1$), aínda que foron detectados cumes de varamentos, anteriormente no 1995, e nos anos 1998, 2001; sobre todo a causa do accidente do petroleiro "*Prestige*", ocorrido en novembro de 2002 e que se alongou ata xuño de 2003 (López *et al.*, 2005), **Figura 13**, contabi-




Figura 13.- Representación anual dos rexistros de tartaruga común, período 1990-2013.




Figura 14.- Evolución dos rexistros de tartaruga común en Galicia, ao longo dos meses do ano, 1990-2013.




Figura 15.- Evolución dos rexistros de tartaruga común nas subáreas e concellos da costa de Galicia.

lizando neste período 82 exemplares de tartarugas mariñas, 98% tartaruga común, dos que 34 exemplares (41%) estaban vivos. Aínda que hai rexistros ao longo do ano, o maior número de varamentos prodúcese entre decembro e febreiro, **Figura 14**. Na costa francesa o cume de rexistros de varamentos acontece no mes de abril (Monzón-Argüello et al., 2012).

Dende o ano 1990 foron rexistrados 128 casos de

exemplares vivos (61,0%), 17 capturas accidentais, vivos ou mortos, (8% do total e 9,8% tendo en conta só os 172 exemplares en condicións de 1 a 3) e 99 exemplares recuperados e liberados, 77,3% dos vivos. Os exemplares capturados proceden de barcos de pesca de enmalle e sobre todo de aparellos abandonados, ou **fantasmas**, que lles provocan graves lesións. Un número importante dos individuos apare-




Figura 16.- Distribución dos tamaños de tartaruga común en Galicia.




Figura 17.- Relación dos tamaños e pesos de tartaruga común en Galicia.

ceron varados vivos con hipotermia e patoloxías derivadas, o 75,9% dos individuos que varan por esta causa aparecen entre novembro e marzo, coincidindo con temperaturas baixas.

Outras causas de varamento detectadas, ademais das capturas accidentais, son: impregnación de petróleo (39%), estrangulamentos provocados por artes de pescas ou tamén aparecen con esas lesións entre cabos e redes fantasma (14,6%), inxestión de plásticos (2,4%), patoloxías diversas (2,4%).

No relativo ás árees xeográficas, son rexistradas en maior frecuencia na subárea C5-PO5, entre a ría de

Pontevedra e Arousa, e na subárea C3, na Costa da Morte e sur do Golfo Ártabro. Os concellos que rexistran maior número de casos son os orientados a mar aberto e os situados nas bocas das rías, **Figura 15**.

Os exemplares son maioritariamente xuvenís, correspondentes á fase peláxica de desenvolvemento da especie (Musick e Limpus, 1997), atopándose o 84% dos individuos no rango de 15 a 35 cm de LT. A media de lonxitude é de 31,4 cm (Rango=18-124 cm, Dt=13,3 e NC=1,99), **Figura 16**. A **Figura 17** recolle a relación entre tamaños e pesos así como o valor de correlación e a función para obter a estimación do peso dun exemplar en base á lonxitude total.



Figura 18.- Tartaruga común en recuperación en Galicia.

3.2.- TARTARUGA DE COIRO, *Dermochelys coriacea*

Especie cosmopolita e común no Atlántico e Mediterráneo, así como nas costas atlánticas Ibéricas (Salvador, 1997; Pleguezuelos *et al.*, 2002; Camiñas, 2004). Pode superar os dous metros de lonxitude, sendo negra polo dorso, con manchas claras, e branca, con manchas escuras polo ventre, **Figuras 19, 26 e 27**. É unha especie cosmopolita distribuída por todos os océanos do mundo.

En Galicia recóllese 62 rexistros antes de 1990 (Penas-Patiño e Piñeiro, 1989, Fernández de la Cigoña, 1990 e 1994; Covelo, 2014), remóntanse algunas delas a principios do século XIX. É rexistrada cunha media anual de 10 exemplares ($N=241$, $Dt=5,23$), aínda que se detecta bastante variación nos varamentos, con fortes incrementos no 1995, 1997,



Figura 19.-Detalle cabeza de tartaruga de coiro.

2006, 2009 e 2010. Nos anos 2002 e 2003 os rexistros foron mínimos, **Figura 20**, especialmente durante o período de afección do verquido do “Prestige”, só foi rexistrada unha tartaruga de coiro a final do ano 2002 non sendo rexistrada novamente outro exemplar ata xullo de 2003.




Figura 20.-Representación anual dos rexistros de tartaruga de coiro 1990-2013.




Figura 21.-Evolución dos rexistros ao longo dos meses do ano.




Figura 22.- Distribución dos rexistros ao longo das subáreas nas subáreas e concellos da costa de Galicia.

No relativo á distribución mensual ao longo do ano, os meses de novembro a xaneiro son os que rexistran máis vamentos, aínda que os rexistros están presentes durante todo o ano, **Figura 21**.

Dende o ano 1990 foron rexistrados 29 casos de exemplares vivos (13,6%), 37 capturas accidentais (15,5% e o 43% tendo en conta só os 86 exemplares en condición 1 a 3), dos que 10 proceden de barcos de enmalle e 12 de caceas de nasas, **Figura 25**; tamén 18 exemplares atrapados foron rescatados

En canto á distribución xeográfica, son as subáreas con maior influencia oceánica as que presentan un maior número de rexistros, sobre todo C3 e tamén C4. Os concellos que rexistran maior número de casos nas subáreas do sul (C5-PO5 e PO6) son os orientados a mar aberto e os situados nas bocas das rías, **Figura 22**.




Figura 23.- Distribución da lonxitude total (cm) de tartaruga de coiro en Galicia.




Figura 24.- Relación dos tamaños e pesos de tartaruga de coiro en Galicia.

No relativo ás tallas, o 81,3% dos individuos sitúase entre os 141 e 200 cm , a media é de 174,6 cm (Rango=120-229 cm, Dt= 22,5 e NC=5,1), Figura 23 e 24. A Figura 24 recolle a relación entre tamaños e pesos así como o valor de correlación e a función.

Atendendo ao tamaño de femias reprodutoras de poboacións do Atlántico, probablemente a maioría dos rexistros corresponden a animais adultos ou subadultos próximos á madurez sexual. Con todo, hai que sinalar a aparición de varios individuos menores de 130 cm.

Os individuos que apareceron con marcas eran femias adultas, posiblemente marcadas nas praías de posta da Guayana Francesa (1992) e Costa Rica (1995) (Fretey e Fernández-Cerdeiro, 1996; López et al., 1998).



Figura 25.- Exemplares de tartaruga de coiro atrapadas na mesma cacea de nasas. Camariñas 05/02/2011.



Figura 26.- Toma de biometrías e mostras dun exemplar de tartaruga de coiro traído ao porto de Panxón.



Figura 27.- Vista ventral de tartaruga de coiro. Porto de Camariñas, 05/12/2011.

3.3.- TARTARUGA VERDE, *Chelonia mydas*

Acada os 100 cm de lonxitude, a cuncha é baixa e deprimida, de cor escura polo dorso e branca ventralmente (Salvador, 1997), **Figura 28 e 29**. Especie cosmopolita de distribución é tropical e subtropical, presenta áreas de cría tanto nas costas americanas como africanas, e tamén no Mediterráneo (Pleguezuelos et al., 2002).

Nas augas ibéricas é calificada de ocasional (Pleguezuelos et al., 2002), ou moi rara (Salvador, 1997), xa que é rexistrada en baixa frecuencia. Penas-Patiño e Piñeiro (1989) recollen tres citas, áñda que algunha delas, atribuídas a esta especie, son moi ambiguas, dadas as descripcións de López Seoane no ano 1877. Estas citas son recollidas por Salvador, (1997) e Revuelta et al.,(2010) nas monografías da especie.



Figura 28.- Detalle da cabeza de tartaruga verde

Localízanse nove individuos desde 1990 sendo a maior parte deles entre 1997 e 2001. Son exemplares de pequeno tamaño, catro foron recollidas con vida e tres capturadas, tan só unha foi liberada con vida xa que chegan nunha situación moi delicada e non superan a etapa de rehabilitación morrendo nas primeiras horas.



Figura 29.- Exemplar de tartaruga verde varado vivo durante o exame externo nas instalacións da CEMMA.

3.4.- TARTARUGA CAREI, *Eretmochelys imbricata*

Pode chegar a medir entre 53 e 95 cm de cuncha (Salvador, 1997), este é de forma ovalada e coas placas superpostas, de aí o nome científico da especie facendo mención ao imbricado das placas, **Figuras 30 e 31**. De distribución tropical, as áreas de cría do Atlántico concéntranse no Caribe, Península do Yucatán, Cuba e outras illas (Pleguezuelos *et al.*, 2002).

Rexistra en moi baixa frecuencia. Penas-Patiño e Piñeiro (1989) recollen tres citas, aínda que dúas delas, atribuídas a esta especie e referidas a Cornide (1788), son moi ambiguas, dadas as descripcións de Cornide no ano 1787 e máis ben puideran corresponder con outra especie como é a tartaruga común. Estas citas son recollidas por Salvador, (1997) na monografía da especie. O terceiro rexistro data de 1979 en Ribadeo.



Figura 30.- Detalle da cabeza de tartaruga carei.

Apenas un caso foi rexistrado dende 1990, un exemplar de pequeno tamaño varado en Cabo de Cruz no 1991 (Fernández de la Cigoña e Morales, 1992).

Cualificada de rara ou moi rara (Pleguezuelos *et al.*, 2002; Camiñas, 2004). Revuelta *et al.*, (2010) cita cinco rexistros en Galicia, posiblemente incluíndo os históricos.



Figura 31.- Tartaruga carei varada en Boiro. Fernández de la Cigoña, 1992.

3.5.-TARTARUGA PEQUENA, *Lepidochelys kempii*

Como o seu nome indica, é a tartaruga de menor tamaño do Atlántico, non superando os 75 cm de cuncha. Presenta unha coloración verde uniforme dorsal e branca ventralmente, é característico o ganchudo peteiro na boca, **Figuras 32 e 33**. É unha especie endémica do Golfo de México, sendo a maior área de nidificación na praia de Rancho Nuevo, Tamaulipas (NO México), xunto con outras áreas colindantes ao norte e ao sur, de menor entidade (Salvador, 1997).

Cualificada de rara (Camiñas, 2004), é unha especie rexistrada en moi baixa frecuencia, con sete rexistros recoñecidos no Atlántico español (Pleguezuelos *et al.*, 2002). Fernández de la Cigoña (1988) recolle unha cita no ano 1985 en Cangas, a pesar de que e Penas-Patiño e Piñeiro (1989) tamén a recollen apuntando que a cita é dubidosa. Ademais



Figura 32. -Detalle da cabeza de tartaruga pequena.

da cita de 1985, só existe un rexistro dende 1990, Pleguezuelos *et al.*, (2002) cita dous rexistros en Galicia e Salvador (1997) cita un só rexistro no Barqueiro, Mañón, dun exemplar de 33 cm de lonxitude de total (Faraldo e Galán, 1999).



Figura 33.- Exemplar de tartaruga pequena varado, 2014.

4.- DISCUSIÓN

Entre 1750 e 1989 coñécense 102 rexistros de tartarugas mariñas; desde o ano 1990 a 2013 recolléronse outros 480 rexistros, o que suma un total de 582 individuos pertencentes a 5 especies diferentes.

Atendendo ao número de varamentos e capturas de tartarugas mariñas, a tartaruga de coiro e a tartaruga mariña común poden considerarse como **comúns** nas costas de Galicia. Así mesmo, son consideradas **pouco frecuentes** ao non superar o 5% da media anual de varamentos (López, 2003). Ambas especies rexistráronse ao longo do tempo na costa de Galicia e tamén acumulativamente durante case todos os meses do ano. Supoñen entre o 4,3% e o 4,6% da media total de varamentos anuais de todas as especies (tartarugas e mamíferos mariños) entre 1990 e 2013.

Desde as revisións de Fernández de la Cigoña (1991) e Penas-Patiño e Piñeiro (1989), así como coa consolidación da Rede de Varamentos de Galicia, obtívose unha mellora na recollida dos datos detallados e na información biolóxica sobre as especies, e sobre todo, un grande avance nos labores de rehabilitación dos exemplares varados con vida.

Os varamentos e capturas rexistrados entre 1990 e 2012 teñen unha tendencia aparentemente crecente, ao igual que os varamentos doutras especies mariñas, como os mamíferos mariños. Non está claro se esta tendencia se debe a un incremento na detección dos casos, a unha maior abundancia de tartarugas mariñas, a un incremento das taxas de mortalidade das especies ou a unha combinación de todos estes factores.

Obsérvanse variacións nas tendencias de cada especie que suxiren que a mostraxe é relativamente constante dende 1995 e as melloras da Rede de Varamentos non influíron de xeito notable nos resultados.

Os cumes de rexistros durante os meses de outono-inverno, entre novembro e xaneiro, non se deben a diferenzas no esforzo de mostraxe. Os varamentos son moito más detectables durante o verán porque a actividade recreativa na costa é máis

intensa, mentres que no outono e inverno a costa resulta menos frecuentada, en cambio é cando máis varamentos de tartarugas acontecen. Esta situación pode estar relacionada cos temporais más frecuentes entre o outono e a primavera que no verán. Estes períodos de temporal inflúen no incremento dos varamentos de tartarugas mariñas xa que, por unha banda, achegan os cadáveres ao litoral, dos exemplares xa mortos e aboiando, e por outra, afectan aos animais en malas condicións físicas. Nas augas de Galicia, os ventos predominantes de sur e suroeste e nos meses de inverno achegarían os animais cara á costa, especialmente a tartarugas afectadas por hipotermia ou patoloxías que dan lugar a natación pasiva ou a aqueles animais que dado o seu pequeno tamaño aínda non son capaces de vencer as correntes (Monzón- Argüello *et al.*, 2009).

De forma contraria, durante o verán os rexistros son más escasos debido á predominancia de ventos de compoñente norte e a temperaturas más altas, o que por unha banda afasta aos animais da costa e por outra mantenos activos, e polo tanto con menor dependencia das correntes.

Debe terse en conta o efecto e a distribución estacional e xeográfica do esforzo pesqueiro. Aínda que este é estable durante todo ano, prodúcese un incremento da actividad pesqueira durante o verán debido ás boas condicións meteorolóxicas. Con todo, e a pesar de observar capturas accidentais no verán, cos datos dispoñibles, non se detectou ningún patrón significativo de variación das capturas accidentais ao longo do ano.

No caso da **tartaruga común**, danse tres cumes de aumento da frecuencia en 1998, 2001 e 2003, destacando este último pola grande influenza na mortalidade das tartarugas a causa do verquido do petroleiro "Prestige", xa que durante a afección do período de contaminación apareceron un 542% máis que a media dos anos anteriores (media 1990-2001= 8,5 exemplares. Media 2002-2003= 45 exemplares) en cambio só o 41% dos exemplares chegaron con vida, mentres que excluído ese período a proporción de exemplares varados con vida é do 70%.

Esta especie é máis frecuente no final do outono e principio do inverno, coincidindo con épocas de temporais e ventos de compoñente suroeste que inflúen no varamento das tartarugas na costa occidental de Galicia. Os individuos xuvenís que aparecen en augas galegas probablemente pertencen a poboacións de orixe americana que utilizan a corrente do Golfo nos seus movementos migratorios nos primeiros anos de vida cara a árees de alimentación do leste do Atlántico. Ademais desta posible procedencia non se pode descartar a procedencia de orixe africana (Monzón-Argüello *et al.*, 2012). Barállase a hipótese dun aumento temporal de individuos procedentes de Cabo Verde que poderían ter como explicación procesos tormentosos (Monzón-Argüello *et al.*, 2012). Ata o momento non se dispón de suficiente información para determinar con precisión a orixe, e as causas da chegada, dos individuos da costa galega, mais cabe destacar que o maior número de rexistros dase na subárea C5-PO5, no sur occidente da costa galega, contrariamente aos rexistros da tartaruga de coiro con maior incidencia no norte.

O descenso do metabolismo nestes animais por cuestiós ambientais é un feito constatado, e mesmo aqueles individuos que chegan moito máis ao norte das árees habituais de alimentación (a través da corrente do Atlántico Norte), poden morrer debido ás baixas temperaturas (Witt *et al.*, 2007).

Os xuvenís desta especie, de pequeno tamaño, presentan unha problemática de estudo asociada, dado que os exemplares varados poden pasar facilmente desapercibidos entre a arribazón das praias. Ademais a curiosidade que espertan estes animais conduce á súa recolección por parte de particulares para conservar a súa cuncha, ou o propio exemplar, en situación legal irregular, feitos afortunadamente substancialmente corrixidos nos últimos anos por mor da educación ambiental.

Nas necropsias realizadas detectouse a presenza de plásticos, redes e ata anzois no tracto dixestivo destes animais que poden causar a súa morte, posiblemente debido a que o animal confunda a estos obxectos cando aboian con outros animais que entran dentro da súa dieta. Mayol (Carr, 1986) estima que unhas 20.000 tartarugas son capturadas cada ano ao redor das Illas Baleares en anzois cebados con lura, das que a maioría morren polas lesións causadas (Camiñas, 1988; Camiñas *et al.* 2006).

No caso da **tartaruga de coiro**, destaca a tendencia en aumento nos anos 90, a partir de 1999 esta tendencia inverteuse, sendo decrecente, amosando novos cumes nos anos 2004, 2006 e 2009-2010. Ademais, historicamente, a maior frecuencia de rexistros desta especie nas costas atlánticas españolas prodúcese en Galicia (Penas-Patiño e Piñeiro, 1989).

Os rexistros suxiren unha maior abundancia de individuos durante os meses de final de outono e principio de inverno, probablemente relacionada coa abundancia de alimento. A maior frecuencia de rexistros ocorre en novembro, nunha proporción elevada de cadáveres en avanzado estado de descomposición. Isto puidera indicar un aumento das tartarugas durante o verán-outono, cando as temperaturas son más altas, e o varamento dos corpos dos exemplares mortos nos meses posteriores (novembro). Este feito coincide cos datos de Brongersma (1972) e Godley *et al.* (1998) no Atlántico europeo.

Demostrouse a orixe americana dos individuos que aparecen na costa atlántica española e árees europeas onde se producen agregacións de medusas, en base a marcas metálicas que traían nas súas aletas e que foron colocadas nas praias de posta, (Fretey e Fernandez Cordeiro, 1996), aínda que é posible tamén que aparezan individuos de orixe africana, debido á importancia das árees de nidificación no atlántico africano. Girondot e Fretey (1996) rexis-




Figura 29.- Desprazamento en dirección sur dunha tartaruga de coiro marcada en Irlanda, en Doyle *et al.*, 2007




Figura 30.- Desprazamento en dirección ás costas europeas de tres tartarugas de coiro marcadas nas Caraibas, por Sea Turtle Conservancy, <http://www.conserveturtles.org/seaturtletracking.php>. Anos 2003, 2007 e 2011.

traron migracións transoceánicas de femias adultas nidificantes na Guayana Francesa, a partir de recuperacións de marcas en Marrocos, España e Francia. Por outra banda, Eckert (1999) realiza o seguimento por telemetría de satélite de tartarugas de coiro desde Trindade cara ao norte do Atlántico pola costa oeste de África, existindo rexistros por satélite de individuos que frecuentan as costas galegas e continúan cara ao sur.

O 33,3% das tartarugas marcadas, nas americanas praias de cría do Caribe, desprázanse pola costa leste americana ata as augas de Carolina e Terranova, mentres que o 12,5% collen dirección ás costas Europeas atravesando o Atlántico (<http://www.conserveturtles.org/seaturtletracking.php>), **Figura 30**. Tamén as tartarugas procedentes do norte de Europa pasan por fronte as costas de Galicia no seu desprazamento sur para voltar ás áreas de cría (Doyle *et al.*, 2007) onde se teñen comprobado áreas de alimentación. En ambos casos coiciden nos meses de final de verán e inicio do outono, o que pode dar lugar a un incremento pobocional por fronte as costas de Galicia.

No relativo á **distribución xeográfica** dos rexistros de varamentos e capturas de tartarugas mariñas en

Galicia, apuntaríase a que pola súa orixe oceánica, estas tartarugas alcanzarían primeiro as costas noroccidentais de Galicia para, a continuación, bordeando a costa cara ao leste, adéntranse no Cantábrico, ou desprazándose cara ao sur volven á corrente de xiro NorAtlántico. Camiñas (1997) a respecto do paso polo Estrecho de Gibraltar, sinala que as datas de entrada corresponden a finais de marzo, principios de abril, e as de saída van de finais de xuño a finais de decembro; isto coincide coas datas de avistamentos e varamentos en Galicia, por onde pasarían uns meses antes, descendendo despois cara ao sur pola costa portuguesa.

Por outra banda, a frecuencia dos varamentos e capturas de tartarugas mariñas está relacionada coa natureza migratoria destas especies. A **distribución estacional** dos rexistros puidera suxerir un patrón estacional de abundancia local, probablemente relacionado con movementos estacionais que dan lugar a aumentos de densidade de individuos en zonas mariñas e litorais.

Cuantificar a incidencia das **capturas accidentais** é un aspecto problemático e controvertido no estudo

das tartarugas mariñas, xa que a actividade pesqueira supón unha das maiores ameazas para as poboacións destas especies (Eckert, 1999). Os pescadores comunican relativamente poucas capturas accidentais de forma directa e con frecuencia a identificación de indicios de captura accidental durante as necropsias é dificultosa polo rápido deterioro e descomposición, sobre todo de cráneo e aletas, ocultando os indicios de captura.

A maior parte das capturas accidentais de tartarugas de coiro en nasas prodúcense na costa oeste, onde as pesqueiras con esta arte de están moi estendidas (CEMMA, 2012). Esta causa de captura accidental foi rexistrada por diversos autores no Atlántico nordeste e considérase unha ameaza importante para a especie.

Tratando de cuantificar a mortalidade de tartarugas no mar aplícase a proporción de varamientos de cetáceos, na que se estima que os exemplares que chegan a varar á costa supoñen entre o 14% e o 26,7% da totalidade de animais que morren no mar (López, 2003; Martínez-Cedeira *et al.*, 2012), podemos pensar que a media anual de tartarugas comúns que morren na costa de Galicia é de entre 14 e 25 exemplares, mentres que no caso das tartarugas de coiro oscila entre 34 e 64 exemplares.

5.- AGRADECIMENTOS

Os labores de asistencia e recuperación de fauna mariña ameazada son levados a cabo pola **Rede de Varamientos de Galicia** financiada pola contribución e autorizacións da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia e xestionada pola CEMMA dende 1999 a través de convenios específicos ou servizos.

Ao voluntariado da CEMMA pola súa adicación nos traballos de mostraxe, asistencia a animais varados e nos labores de recuperación.

Aos responsables das Unidades Móviles pois a súa rápida actuación é indispensable para a supervivencia dos exemplares varados con vida.

Aos responsables das Unidades de Coidados

Intensivos, especialmente á UCI do Museo da Natureza-SGHN de Ferrol pois son quen de revivir exemplares que chegan cun fíño case imperceptible de vida e lles permiten voltar ao mar.

6.- BIBLIOGRAFÍA

- Boscá. E. 1887. Catálogos de los anfibios y reptiles observados en España, Portugal y Baleares. Anal. Soc. Esp. hist. Nat. 6:39-69.
- Brongersma, L.D., 1972. European Atlantic Turtles. Zoologische Verhandelingen. Rijkksmus. Natuurl. Hist. Leiden, 121: 318pp.
- Buffon. 1792. Los tres Reinos de la Naturaleza. Zoología. Reptiles. Tomo 4. Biblioteca ilustrada de Gaspar y Roig. Museo pintoresco de historia natural.
- Camiñas, J. A. 2004. Estatus y conservación de las tortugas marinas en España. Pp. 345-380. En: Pleguezuelos, J. M., Márquez, R., Lizana, M. (Eds.). Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España. Tercera impresión. Dirección General de Conservación de la Naturaleza, Asociación Herpetológica Española, Madrid. 587 pp.
- Cañadas, A., Urquiola, E. e Sagarrinaga, R. 2000. Recopilación, análisis, valoración y elaboración de protocolos, sobre las labores de observación, asistencia a varamientos y recuperación de mamíferos y tortugas marinas de las aguas españolas. Sociedad Española de Cetáceos. 189 pp.
- Carr, A.F. 1986 New perspectives on the pelagic stage of sea turtle development. Conserv Biol 1:103–121.
- CEMMA. 2012. Impacto da pesca con nasa: avaliación e propostas de mellora. Informe técnico. 29 pp. http://www.cemma.org/imaxes/nasas2012_informe.pdf
- Cendrero O. e Madariaga, B. 1970. Nota acerca de las tortugas laud (*Demochelis coriacea*) capturadas en la costa de Asturias y Santander. Bol. R. Soc. Esp. Hist. nat. 68 (3/4): 115-118.
- Cermeño, P., Valeiras, X., López, A., Martínez-Cedeira, J., Laria, L., Pérez, C., Martínez de Murguía y G. García Castrillo. 2006. Varamientos y capturas accidentales de tortugas marinas en Galicia y Mar Cantábrico. IX Congreso Luso-Español (XIII Congreso Español) de

- Herpetología. San Sebastián, 4-7 de octubre 2006. Cornide, J., 1788. Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia. En: Estudo Preliminar por Valentín Paz-Andrade, 1983. Publicacións da área de Ciencias Mariñas do Seminario de Estudios Galegos. Edicións do Castro: 113-119.
- Covelo, P. 2014. Revisión de rexitros de tartarugas mariñas en España entre 1850 e 1990 mediante o uso de hemerotecas dixitais. *Eubalaena* nº13, 50-55.
- Doyle, Thomas K. ; Houghton; Jonathan D. R. O'Súilleabháin, Pádraig Frank; Hobson, Victoria J.; Marnell, Ferdia ; Davenport, John Hays; Graeme C. 2007. Leatherback turtles satellite tagged in European Waters. *Endang Species Res*, Vol. 3: 1-9.
- Duguy, R., 1980. Observations leathery turtles (*Dermochelys coriacea L.*) in the Charente Strait in 1979. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 6 (7): 681-691.
- Duguy, R., 1981. Records of leatherback turtles (*Dermochelys coriacea L.*) on the coast of France in 1980. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 6 (8): 819-825.
- Duguy, R., 1982. Records of leatherback turtles (*Dermochelys coriacea L.*) on the coast of France in 1981. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 6 (9): 1015-1020.
- Duguy, R., 1984. Records of leatherback turtles (*Dermochelys coriacea L.*) on the French coasts in 1983. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (2): 228-230.
- Duguy, R., 1985. Records of leatherback turtles (*Dermochelys coriacea L.*) on the French coasts in 1984. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (3): 381-384.
- Duguy, R., 1986. Records of marine turtles on the French coasts in 1985. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (4): 543-546.
- Duguy, R., 1987. Records of marine turtles on the French coasts in 1986. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (5): 641-642.
- Duguy, R., 1988. Records of marine turtles on the French coasts in 1987. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (6): 727-728.
- Duguy, R., 1989. Records of marine turtles on the French coasts in 1988 (Atlantic Ocean and Channel). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (7): 821-824.
- Duguy, R., 1991. Observations of marine turtles in 1990 (English Channel and Atlantic coast of France). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 7 (9): 1053-1057.
- Duguy, R., 1992. Records of marine turtles on the French coasts in 1991. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 8 (1): 35-37.
- Duguy, R., 1993. Observations de tortues marines en 1992 (Atlantique). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (2): 129-131.
- Duguy, R., 1994. Observations de tortues marines en 1993 (Atlantique). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (3): 235-238.
- Duguy, R., 1995. Observations de tortues marines en 1994 (Atlantique). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (4): 403-406.
- Duguy, R., 1996. Observations de tortues marines en 1995 (Atlantique). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (5): 505-513.
- Duguy, R., 1997a. Observations de tortues marines en 1996 (Atlantique). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (6): 625-632.
- Duguy, R., 1997b. Les tortues marines dans le Golfe de Gascogne. *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (6): 636-645.
- Duguy, R., 1998. Observations de tortues marines en 1997 (Atlantique). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente- Maritime*, 8 (7): 761-779.
- Duguy, R., 2000. Observations de tortues marines en 1999 (Atlantique et Manche). *Ann. Soc. Sci. Nat. Charente-Maritime*, 8 (9): 1025-1034.
- Duguy, R., P. Moriniere and C. Le Milinaire, 1998. Factorrs of mortality of marine turtles in the Bay of Biscay. *Oceanologica Acta*, 21 (2): 383-388.
- Eckert, S. A. 1999. Global distribution of juvenile leatherback sea turtles. *Hubbs-SeaWorld Research Institute Tech. Rept.* 99-294:1-13.
- Faraldo, R. & P. Galán, 1999. *Lepidochelys kempii* (Tortuga golfina) en la costa de A Coruña. *Bol. Asoc. Herpetol. Esp.*, 10: 17.
- Fernández de la Cigoña, E. 1988. Islas Cíes, parque nacional de Galicia. AGGE, Vigo.
- Fernández de la Cigoña, E. 1990. Citas de tortugas marinas en las costas gallegas. *Quercus* N° 49:31-33.
- Fernández de la Cigoña, E. 1991. Cíes y Ons: la ruta de las islas. AGGE, Vigo.
- Fernández de la Cigoña, E. e Morales, X. 1992. Galicia: flora, fauna terra e mar. AGCE.

- Fernández de la Cigoña, E. 1994. Esta Fauna Nosa. Natureza Galega. Vol. IX., AGCE,Vigo.
- Fernández de la Cigoña, E. e Santos Oujo, X.M. 1999. Varamentos, capturas e avistamentos de tartarugas mariñas nas costas e mares de Galicia. Terceiro listado. AGCE, Colección Natureza Galega Vol XIV: 37-46.
- Fretey, J. e Fernández-Cerdeiro, A, 1996. Desplazamientos hacia el este de hembras de tortugas láud (*Dermochelys coriacea*) despues de una nidificación en la región americana intertropical. Bol. Asoc. Herpetol. Esp., 7: 2-6.
- García-Castrillo, G., 1980. Nota acerca del varamiento de una tortuga láud o de cuero (*Dermochelys coriacea*) en las costas de Santander. Anales Instituto Estudios Marítimos, 3: 247-250.
- Girondot, M., Fretey, J. (1996). Leatherback Turtles, *Dermochelys coriacea*, Nesting in French Guiana, 1978-1995. Chelon. Conserv. Biol., 2: 204-208.
- Godley, B.J., Thompson, D.R., Waldron, S. and R.W. Furness. 1998. The trophic status of marine turtles as determined by stable isotope analysis. Marine Ecology Progress Series 166: 277-284.
- González-Kirchner, J.P., 1998. Varamiento de una tortuga boba (*Caretta caretta*) en la playa de Merón, Cantabria. Bol. Asoc. Herpetol. Esp., 9: 11-12.
- Hellmich, W., 1962. Reptils and amphibians of Europe. Blandford Press, London. 160p.
- López, A. 2003. Estatus dos pequenos cetáceos en Galicia. Tese de doutoramento Universidade de Santiago de Compostela, 337 pp.
- López, A; Alonso, JM; Valeiras, X; Fernández-Cerdeiro. A; e Faraldo, R. 2000 "Varamientos de tortugas marinas en Galicia (Período 1990-1999)". 1er Symposium de la Sociedad Española de Cetáceos, SEC. Ceuta, 23-27 de febrero del 2000.
- López, A.; A., Llavona, J.M. Alonso, J.A. Martínez-Cedeira, M. Caldas, X. Valeiras and P. Covelo. 2005. Effects of the Prestige oil spill in aquatic mammals and sea turtles of the Galician coast (NW Spain). VERTIMAR-2005. Symposium on Marine Accidental Oil Spills. Vigo 13-16/07/05: 291-292.
- López, A.; Gayoso, A.; Díaz, J.I.; Benavente, P. 1998. Tortugas marinas en las costas de Galicia (Península Ibérica). XIII Congreso bienal de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Vigo 1998.
- López-Jurado, L.M. and A.C.Andreu, 1997. Tortugas Marinas. In: Reptiles. Salvador, A. (Coordinador), 1997. Fauna ibérica, vol. 10. Ramos, M.A. et al. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid: 35-93.
- López Seoane V. 1877. Reptiles y anfibios de Galicia. Anal. Soc. Esp. Hist. Nat. 6:349-358.
- Lozano, F., Quiroga, H. (1969). Nota sobre la captura de una tortuga "Laúd" o "de cuero" (*Dermochelys coriacea* (L.)) en aguas de La Coruña. Bol. R. Soc. Esp. Hist. Nat. (Biol.), 67: 17-18.
- Martínez-Cedeira, J.; Morales, J.; García, J.A.; Parada, A.; Covelo, P. and López, A. 2012. How many strand? Offshore marking and coastal recapture of by-caught cetacean carcasses. XXV Congreso Anual de la Sociedad Europea de Cetáceos (ECS) 19 de marzo de 2011 al 23 de marzo de 2011 Palacio de Congresos, Cádiz.
- Mateo, J.A., A.C. Andreu and L.F. López-Jurado, 1997. Las tortugas marinas de la Península Ibérica, Baleares, Azores, Madeira y Canarias: Introducción. In: Pleguezuelos, J.M. (ed.), 1997. Distribución y biogeografía de los Anfibios y Reptiles en España y Portugal. Monografías de herpetología, vol. 3. Asociación Herpetológica Española y Universidad de Granada. 542p.
- Merchan Fornelino, M. & Martínez Silvestre A. (1999). Tortugas de España. Biología, patología y conservación de las especies ibéricas, baleares y canarias. 220-222. Ediciones Antiquaria.
- Monzón-Argüello, C.; Rico, C.; Carreras, C.; Calabuig, P.; Marco, A.; López-Jurado, L.F. 2009. Variation in spatial distribution of juvenile loggerhead turtles in the eastern Atlantic and western Mediterranean Sea. Journal of Experimental Marine Biology and Ecology 373 (2009) 79–86
- Monzon-Argüello C, Dell'Amico F, Moriniere P, Marco A, Lopez-Jurado LF, Hays GC, Scott R, Marsh R, Lee PLM. 2012. Lost at sea: genetic, oceanographic and meteorological evidence for storm-forced dispersal. Journal of the Royal Society Interface, doi:10.1098/rsif.2011.0788
- Musick, J. A., and C. J. Limpus. 1997. Habitat utilization and migration in juvenile sea turtles. Pages 137-164 in P. L. Lutz and J. A. Musick, editors. The biology of sea turtles. CRC Press, Boca Raton, Florida, USA.
- NERC, 1997. GEBCO Digital Atlas 1997. General Bathymetric Chart of the Oceans. IOC and IHO,

- British Oceanographic Data Centre, UK.
- Pascual. X. 1985. Contribución al estudio de las Tortugas marinas en las costas españolas. I. Distribución. *Miscellània Zoològica*; Vol.: 9 01/1985: 287-294.
- Penas-Patiño, X.M. e Piñeiro Seage, A. 1989. Cetáceos, Focas e Tartarugas Mariñas das Costas Ibéricas. Ed. Consellería de pesca. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela. 379p.
- Pleguezuelos, J. M., Márquez, R., Lizana, M. (Eds.). 2002. Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España. Tercera impresión. Dirección General de Conservación de la Naturaleza, Asociación Herpetológica Española, Madrid. 587 pp.
- Revuelta, O., Tomás, J. (2010). Tortuga carei – *Eretmochelys imbricata*. En: Enciclopedia Virtual de los Vertebrados Españoles. Salvador, A.,
- Marco, A. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales, Madrid. <http://www.vertebradosibericos.org/>
- Salvador, A. 1997. Reptiles. En: Fauna Ibérica, Vol 10. Ramos M.A. et al (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid. 705 pp.
- Solórzano, M.R.; Rodríguez, J.L.; Iglesias, J.; Pereiro, F.X. & Álvarez, F., 1988. Inventario dos peixes do litoral galego. Cadernos da Área de Ciencias Biológicas, (Inventarios). Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, 4, 12.
- Witt, M. J., Penrose, R. & Godley, B. J. 2007 Spatio-temporal patterns of juvenile marine turtle occurrence in waters of the European continental shelf. Mar. Biol. 151, 873-885.

7.- ANEXO I

O ANEXO I recolle a base de datos dos rexistros de tartarugas mariñas de Galicia ata o ano 2013. Os rexistros están ordenados por especie e data contando cos seguintes campos: especie (CCA- *Caretta caretta*, DCO-*Dermochelys coriacea*, CMY-*Chelonia mydas*, EIM-*Eretmochelys imbricata*, LKE-*Lepidochelys kempii* e TAR- tartarugas non identificadas), data, lugar e concello, subárea, lonxitude, estado/tipo (de 1 a 5 no referente aos estados, V-varamento, C-captura, F-aboioando, Lib-liberada, M- morta, R-rescatada para rehabilitación) e referencia do mesmo. SubA: Subárea. cm: Lonxitude total en cm, o signo negativo indica animal incompleto coa medida mínima sen as partes amputadas.

ESPECIE	DATA	LUGAR	CONCELLO	SubA	cm	ESTADO/TIPO	REFERENCIA
CCA	1/01/1787	Mar de Galicia					Cornide
CCA	01/01/1900	Ría de Pontevedra	-		PO5		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/01/1900	Ría de Vigo	Vigo		PO6		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/01/1900	Ría de Arousa	Vigo		PO6		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/07/1928	Ría da Coruña	A Coruña		C3		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/01/1937	Ría de Corme	Ponteceso		C3		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/06/1947	Ría da Coruña	A Coruña		C3		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/06/1947	Ría de Vigo	Vigo		PO6		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/07/1948	Ría da Coruña	A Coruña		C3		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/09/1953	Ría de Pontevedra	-		PO5		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/09/1953	Ría de Vigo	Vigo		PO6		Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/01/1977	Cangas	Cangas		PO6		Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	01/07/1977	Marín	Marín		PO5		Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	01/10/1979	Malpica	Malpica		C3		Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	01/01/1980	San Cibrán	Cervo		LU1		Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	01/10/1982	I. Sisargas	Malpica		C3		Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	17/03/1983	A Guarda	A Guarda	PO6	30	1 / C	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/12/1984	P. Queiruga	O Son	C4	26	1 / C	Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	01/02/1985	P. Louro	Muros	C4			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	14/11/1985	A Guía	Vigo	PO6	160	1 / V R Lib	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	23/12/1986	P. Sieira	O Son	C4			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	04/01/1987	P. Ladeira	Ribeira	C4	50		Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	04/09/1987	I. Sálvora	Ribeira	C5			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	01/01/1988	Oleiros	Oleiros	C3			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	03/01/1988	I. Arousa	Illa de Arousa	PO5			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A.
CCA	03/02/1988	I. Arousa	Illa de Arousa	PO5		/ V	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	07/02/1988	O Grove	O Grove	PO5			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A..
CCA	21/02/1988	Corrubedo	Ribeira	C4			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A..
CCA	04/09/1988	I. Sálvora	Ribeira	C4			Penas Patiño, X.M.; Piñeiro Seage, A..
CCA	23/12/1989	A Lanzada	O Grove	PO5		1 / V Lib	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	15/03/1990	O Grove	O Grove	PO5		1 / V Lib	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	21/03/1990	Camariñas	Camariñas	C3			Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	21/03/1990	Ribeira	Ribeira	C5			Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	16/02/1991	Pedras Negras	O Grove	PO5		1 / V Lib	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	13/03/1991	O Grove	O Grove	PO5		1/V Lib	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	11/06/1991	Sanxenxo	Sanxenxo	PO5	36	1 / Nad R	Benavente, P. (CES)
CCA	29/11/1991	P. Rostro	Fisterra	C3		2 / V	CEMMA

ESPECIE	DATA	LUGAR	CONCELLO	SubA	C5 cm	1 / V Lib	CENAR
						ESTADO/TIPO	REFERENCIA
CCA	27/08/1992	Riveira	Riveira	C5		1 / V Lib	CENAR
ESPECIE	DATA	LUGAR	CONCELLO	SubA	cm	ESTADO/TIPO	REFERENCIA
CCA	30/08/1992	I. Sálvora	Ribeira	C4		1 / V Lib	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	08/12/1992	Pto. Marín	Marín	PO5		1 / C R Lib	Lens, S. (IEO)
CCA	02/12/1994	P. Corrubedo	Ribeira	C4	35	3 / V	Esmorís, D.;González, I. (CEMMA)
CCA	01/01/1995	Fisterra	Fisterra	C4	36	1 / V R	CEMMA
CCA	15/06/1995	Malpica	Malpica	C3	28,5	1 / V Lib M	CEMMA
CCA	27/08/1995	Muxía	Muxía	C3		3 / C	López, A. (CEMMA)
CCA	13/09/1995	P. Nerga	Cangas	PO6	124	1 / V Lib	Torrado, F. (CEMMA)
CCA	08/02/1996	P. Espasante	Ortigueira	C2	32	1 / V M	SGHN
CCA	28/03/1996	Sanxenxo	Sanxenxo	PO5	47	1 / V R Lib	CEMMA
CCA	28/06/1996	Ría de Arousa	-	PO5	47	1 / C Lib	CES
CCA	29/06/1997	P.Baleo	Valdoviño	C2	28,5	4 / V	SGHN
CCA	07/07/1997	A Coruña	A Coruña	C3	27,5	1 / Nad Lib	CRFS
CCA	08/07/1997	P. Ponzos	Ferrol	C2	35	1 / V M	SGHN
CCA	13/11/1997	P. Domíños	Valdoviño	C2	50	4 / V	SGHN
CCA	19/11/1997	P. Caldebarcos	Carnota	C4	49	1 / C R	Benavente, P. (CES)
CCA	19/11/1997	P. Caldebarcos	Carnota	C4	30,5	1 / V R Lib	CRFS
CCA	27/11/1997	Arousa	Arousa	PO5		1 / C R	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	01/12/1997	Porto do Son	Porto do Son	C4		1 / C R	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	15/12/1997	P. Susiños	Carnota	C4	-30	4 / V	Barreiro, A. (CEMMA)
CCA	29/12/1997	P. S. Xurxo	Ferrol	C2	23	4 / V	SGHN
CCA	30/12/1997	P. S. Xurxo	Ferrol	C2	22	4 / V	SGHN
CCA	31/12/1997	Pto. Porto do Son	O Son	C4	30	4 / C	CRFS
CCA	01/01/1998	A Coruña	A Coruña	C3	25	2 / V	CRFS
CCA	01/01/1998	P. A Lanzada	Sanxenxo	PO5		1 / C R	Fernández de la Cigoña, E. (AGCE)
CCA	03/01/1998	P. Susiños	Carnota	C4	32	3 / V	Barreiro, A. (CEMMA)
CCA	06/01/1998	P. Bascuas	Sanxenxo	PO5	29,5	1 / V M	Benavente, P.; Martinez, E. (CES)
CCA	07/01/1998	P. Nanín	Sanxenxo	PO5	23,5	1 / V R	Benavente, P. (CES)
CCA	07/01/1998	A Barrosa	O Grove	PO5	33	3 / V	Palacios, G.; Benavente, P. (CES)
CCA	09/01/1998	A Lanzada	O Grove	PO5	31	1 / V R M	Benavente, P. (CES)
CCA	09/01/1998	A Lanzada	O Grove	PO5	29	3 / V	Benavente, P.; Rodriguez, X. (CES)
CCA	09/01/1998	A Lanzada	O Grove	PO5		3 / V	Benavente, P.; Rodriguez, X. (CES)
CCA	09/01/1998	P. Montalvo	Sanxenxo	PO5	-21	3 / V	Martinez, E. (CES)
CCA	09/01/1998	P. Bascuas	Sanxenxo	PO5	-22,5	3 / V	Martinez, E. (CES)
CCA	09/01/1998	P. Espiño	O Grove	PO5	28	1 / V R	Palacios, G.; Benavente, P. (CES)
CCA	10/01/1998	P. Raeiros	O Grove	PO5	23	3 / V	Palacios, G.; Benavente, P. (CES)
CCA	12/01/1998	P. Espiño	O Grove	PO5	32	3 / V	Palacios, G.; Benavente, P. (CES)
CCA	13/01/1998	P. Areas	Sanxenxo	PO5		3 / V	Benavente, P. (CES)
CCA	14/01/1998	P. da Lanzada	O Grove	PO5	27	1 / V R	Palacios, G.; Benavente, P. (CES)
CCA	18/01/1998	P. Canelas	Sanxenxo	PO5		1 / V	CEMMA
CCA	24/01/1998	P. Baroña	Porto do Son	C4	76	1 / V R	Barreiro, A. (CEMMA)
CCA	24/01/1998	P. Lariño	Carnota	C4	25	3 / V	Salvadores/Arcos/Luciartes (ERVA)
CCA	24/01/1998	P. Lariño	Carnota	C4	30	3 / V	Salvadores/Arcos/Luciartes (ERVA)
CCA	30/01/1998	A. da cruz	O Grove	PO5	29,5	2 / V	Prieto Rguez, M.(CES)
